


**P
R
O
G
R
A
M
A
S**



2012-2013

4º Curso



ÍNDICE

1º Cuadrimestre

Páx

-
- **Medidas de Protección Social (Obrigatoria)..... 3**
 - **Xestión e Planificación de SS.SS. (Obrigatoria)..... 6**
 - **Xestión de Organizacións (Obrigatoria).....10**

2º Cuadrimestre

Páx

-
- **Practicum (Obrigatoria)..... 13**
 - **Traballo Fin de Grao (Obrigatoria)..... 15**

G3171421 - Medidas de Protección Social (O Contexto Institucional do Traballo Social) - Curso 2012/2013

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**
- **Horas ECTS**
- Clase Expositiva: 18.00
- Clase Interactiva Seminario: 27.00
- Horas de Titorías: 3.00
- **Total: 48.0**

Profesora: M^a Elena Puñal Romarís

Programa

Obxectivos da materia

- Coñecer os principais servizos e prestacións de Servizos Sociais e doutros subsistemas de benestar social a nivel estatal e autonómico.
- Ser capaz de identificar os conflitos e as limitacións destes subsistemas respecto das poboacións en dificultade, así como os dispositivos de compensación.
- Coñecer, comprender e ser capaz de aplicar as principais medidas de protección social.

Contidos

I.- A aplicación de recursos no ámbito da intervención social. Habilidades profesionais para a xestión das medidas de protección social. Manexo da documentación utilizada na xestión dos recursos.

II.- Principais medidas de protección por ámbitos e sectores de intervención social.

III.- Fontes e instrumentos para localizar información sobre os recursos sociais. Uso de novas tecnoloxías para a xestión dos recursos.

Bibliografía básica e complementaria

Ministerio de Trabajo e Inmigración (2011). Guía laboral. Madrid: Ministerio de Trabajo e Inmigración

Competencias

Competencias xerais:

- Saber aplicar estes coñecementos na súa actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre cuestións relacionadas co Traballo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.
- Ter adquirido habilidades de aprendizaxe necesarias para continuar a súa formación e aprendizaxe no ámbito do Traballo Social cun alto grao de autonomía.

Competencias específicas:

*Ter a capacidade para traballar e valorar de maneira conxunta con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades ás súas necesidades e circunstancias, promovendo o cambio, a resolución de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento e a liberdade da sociedade para aumentar o benestar e cohesión:

- Coñecer estratexias para intervir con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas acerca das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos.
- Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.

* Ter capacidade para planificar, implementar, revisar e avaliar a práctica do Traballo Social con persoas, familias, grupos, organizacións, comunidades e outros profesionais, para a promoción o cambio e a resolución de problemas nas relacións humanas:

- Saber responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisar os seus resultados.

* Ter capacidade para administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización:

- Adquirir facultades para contribuír á administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade.

Competencias transversais:

- Capacidade de análise e síntese
- Capacidade de comunicación oral e escrita
- Capacidade de razoamento crítico
- Capacidade de aprendizaxe autónomo
- Capacidade de motivación pola calidade

Metodoloxía da ensinanza

A metodoloxía empregada combina a docencia presencial de clases expositivas e interactivas e o traballo persoal do alumno/a. Preténdese que o alumno, individual ou en grupalmente, desenvolve actividades de participación activa: discusión de casos, traballo con textos ou datos, aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc. A través de titorías asesórase ao alumnado para o desenvolvementos das actividades propostas de realización autónoma e que constitúe un proceso de auto-aprendizaxe.

Sistema de avaliación

A avaliación da materia realízase mediante unha avaliación continua e a superación de exames escritos.

Realízase unha proba eliminatoria da materia, no caso de non superala ou non presentarse a ela, avalíase esa parte co resto da materia nas convocatorias finais de exames. Por outra banda, se se supera a proba eliminatoria gárdase o aprobado para as convocatorias finais do curso, pero non para os cursos posteriores.

A avaliación mediante exame ten un peso do 50% sobre a cualificación global, polo que o peso da avaliación continua é do 50%. É necesario acadar a puntuación mínima de Apto no exame para poder sumarlle a puntuación pola avaliación continua.

PUNTUACIÓN MÁXIMA DA AVALIACIÓN CONTINUA: 5 ptos.:

- Asistencia ás clases: 2 ptos (Clases expositivas: 0,6 e clases interactivas: 1,4)
- Tarefas prácticas: 3

Na Guía da Materia que se entrega ao comezo das clases especificase o contido e a puntuación correspondente a cada tarefa práctica e por días de asistencia ás clases. No caso de non asistir ás clases nas que se realizan tarefas puntuables, e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, poden compensarse estas tarefas coa elaboración de traballos e exercicios que lle sexan encomendados pola profesora. Unha vez se teña confirmación da xustificación das faltas de asistencia, o/a alumno/a ten que poñerse en contacto coa profesora para o encargo da tarefa compensatoria no caso de que proceda a realización dunha actividade puntuable.

SISTEMA DE CONTROL DE ASISTENCIA

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro.

O prazo e os motivos polos que se poden xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás clases e teña concedida a dispensa de asistencia, poderá compensar as faltas coa realización de exercicios e traballos de análise de textos seleccionados que deberá entregar por escrito e defenderá nunha titoría previamente acordada coas profesoras.

Tempo de estudo e traballo persoal

Estudio autónomo individual ou en grupo: 40 horas

Exercicios: 25 horas

Lectura de textos: 10 horas

Elaboración de traballos, visualización de material: 20 horas

Preparación de exposicións: 4 horas

TOTAL: 99 horas

Recomendacións para o estudo da materia

A asistencia ás clases é clave para que o alumnado poida ir construíndo o corpo teórico da materia que en todo momento orienta a aprendizaxe práctica.

A participación nas clases é fundamental para a integración dos coñecementos teóricos e prácticos, e para posicionar ao alumno/a en contextos profesionais.

Recoméndase ao alumnado que no desenvolvemento temporal da materia manteña un contacto periódico coas

profesoras encargadas para a clarificación e a orientación bibliográfica precisa para poder afondar nas parcelas de maior interese para o/o alumno/a.

Recoméndase ter cursadas as materias de Servizos Sociais Comunitarios, e Servizos Sociais Especializados.

G3171422 - Xestión e Planificación de Servizos Sociais (O Contexto Institucional do Traballo Social) - Curso 2012/2013

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**
- **Horas ECTS**
- Clase Expositiva: 27.00
- Clase Interactiva Seminario: 18,00
- Horas de Tutorías: 3.00
- **Total: 48.0**

Profesora: Felicitas Rodríguez González

Programa

Obxectivos da materia

-Coñecer o proceso de formulación, posta en práctica e avaliación de programas sociais, o desempeño profesional dos traballadores/as sociais na súa xestión e a participación nos mesmos de organizacións públicas e privadas.

-Ser capaces de aplicar os métodos e técnicas de organización, participación, planificación, avaliación e financiamento dos Servizos Sociais, incluídos os relativos á avaliación e xestión de calidade.

Contidos

MÓDULO I. A PLANIFICACIÓN EN SERVIZOS SOCIAIS. Contidos da acción planificadora en servizos sociais.

MÓDULO II: A XESTIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS. A dirección de organizacións de servizos sociais e a súa xestión. Os servizos sociais desde o ámbito da xestión e participación do traballador/a social. A avaliación en servizos sociais. Procesos de mellora: a calidade e innovación.

MÓDULO III: OS SERVIZOS SOCIAIS NO SISTEMA ECONÓMICO. Presuposto e control.

Bibliografía básica e complementaria

AA.VV. Trabaxadores Sociais: su papel y cometidos. Ed.)- Narcea. Madrid, 1995.

AA.VV. Organizaciones de bienestar. Ed.)- Mira.Zaragoza, 1998.

AA.VV. Plan estratégico de los Servicios Sociales comunitarios en Guipúzcoa. Ed.)- Departamento de Servicios Sociales GIZARTEKINTZA. Guipúzcoa, 1999.

AA.VV.: Servicios Sociales: Dirección, gestión y planificación. Alianza Editorial. Madrid. 2002

ALEMAN BRACHO, C. y TRINIDAD REQUENA, A.: Servicios Sociales: Planificación y evaluación. Ed. Cívitas Madrid. 2006

ALEMAN BRACHO, María del Carmen e GARCES FERRES, Jorge (dirs.). Administración social: servicios de bienestar social. Ed.)- Siglo XXI. Madrid, 1996.

ALEMAN BRACHO, María del Carmen e GARCES FERRER, Mercedes. Fundamentos de bienestar social. Ed.)- Tirant lo blanch. Valencia, 1999.

ALVAREZ CORBACHO, Xaquín. A agonía do municipalismo galego. Ed.)- Fundación Caixa Galicia. Santiago de Compostela, 1995.

ALVAREZ RICO, Manuel. Administración y Función Pública en España. Ed.)- Dykinson. Madrid, 1998.

ANDER-EGG, Ezequiel e AGUILAR, María José. Como elaborar un proyecto: guía para diseñar proyectos sociales y culturales. Ed: Instituto de Ciencias Aplicadas, 1989.

ARIAS GALICIA, Fernando (coord.). Administración de recursos humanos. Ed.)- Trillas. México, 1986.

AYLWIN DE BARROS, Nidia e outros. Un enfoque operativo de la metodología de Trabajo Social. Ed.)- Humanitas. Bos Aires, 1982.

BOWERS, S. Introducción a la supervisión. Col. Desarrollo Social. Ed.)- Euramérica. Madrid, 1965.

COLOMER e DOMENECH. La supervisión en Trabajo Social. Colección Surco, nº 1. Intress, 1988.

Dossier do Curso de Postgrao "Experto en Xerencia de Servizos Sociais". Fundación PAIDEIA – Universidade de A Coruña, 1997.

Dossier do Master de Servizos Sociais de PAIDEIA. Ponencias de Gustavo García y outros "Proxectos correspondentes ás Prestacións Sociais Básicas".

ESPINOZA VERGARA, Mario. Evaluación de proyectos sociales. Ed.)- Humanitas. Bos Aires, 1983.

FERNÁNDEZ GARCÍA TOMÁS Servicios Sociales: Dirección, gestión y planificación. Ciencias Sociales. Alianza

Editorial. Madrid 2002 (libro aconsejable).

GARCÉS FERRER, Jorge (coord.). Sistema político y administrativo de los Servicios Sociales. Ed.)- Tirant lo blanch. Valencia, 1996.

GARCÉS FERRER, Jorge e MARTÍNEZ ROMAN, María Asunción. Bienestar social y necesidades especiales. Ed.)- Tirant lo blanch. Valencia, 1996.

GARCÍA, Gustavo. Los Centros de Servicios Sociales. Ed.)- Siglo XXI. Madrid, 1988.

GARCÍA, Gustavo e RAMÍREZ NAVARRO, José Manuel. Diseño y evaluación de proyectos sociales. Ed.)- Certeza. Zaragoza, 1996.

GARCÍA ROCA, Joaquín. Recursos humanos y voluntariado social. Ed.)- Síntesis. Madrid, 1998.

GIOJA, Rolando. Planeamiento territorial y Ciencias Sociales: Desarrollo de recursos humanos. 3ª ed. Ed.)- Humanitas. Buenos Aires, 1984.

GUTIÉRREZ RESA, Antonio e GARCÉS FERRER, Jordi. Los Servicios Sociales en las Comunidades y Ciudades Autónomas. Ed.)- Tirant lo blanch. Valencia, 2000.

HARRIS, Jeffrey. Administración de recursos humanos: conceptos de conducta interpersonal y casos. Ed.)- Limusa. México, 1980.

HERNÁNDEZ ARISTU, J. Acción comunitaria e intervención social. Ed.)- Popular. Madrid, 1990.

HERNÁNDEZ ARISTU, J. La supervisión como instrumento de intervención social. Ed.)- Popular. Madrid.

KNAPP, Martín. La economía de los Servicios Sociales. Ed.)- Euge. Barcelona, 1989.

Competencias

Competencias Xerais:

- Saber aplicar os coñecementos na súa actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que atinxen ao Traballo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.

- Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósticos sociais, no ámbito da intervención social, que inclúan unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ético.

- Ter desenvolvido as habilidades de aprendizaxe necesarias para continuar a súa formación e a aprendizaxe no ámbito do Traballo social cun alto grao de autonomía.

Competencias específicas:

- Coñecer estratexias para intervir con persoas, familias, grupos, organizacións comunidades para axudalas a tomar decisións ben fundamentadas acerca das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos.

- Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.

- Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e os colegas profesionais negociando o subministro de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas co obxecto de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes.

- Diseñar, implementar e avaliar proxectos de intervención social.

- Adquirir facultades para contribuír á administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade.

Competencias transversais:

- Capacidade de análise e síntese.

- Capacidade de organización e planificación.

- Capacidade de comunicación oral e escrita.

- Capacidade de toma de decisións.

- Capacidade de razoamento crítico.

- Capacidade de aprendizaxe autónomo.

- Capacidade de creatividade.

- Capacidade de motivación pola calidade

Metodoloxía da ensinanza

A disciplina consta de 27 horas de docencia expositiva : clases presenciais que se levarán a cabo no grupo grande de clase e 18 horas interactivas en dous grupos organizados, trátase de clases con participación activa do alumnado.

As horas de docencia expositiva, complementaranse coas interactivas nas que se realizarán diversos traballos planificados en grupo e/ou individuais, e con horas de traballo persoal do alumnado fora da aula para busca de

documentación relacionada cos módulos de planificación e de supervisión, así como a lectura e análise de textos propostos pola profesora. O traballo de grupo das actividades interactivas se materializará na entrega dun documento que reflicte a aplicación das fases de planificación a un sector de servizos sociais, complementado cun traballo individual que consiste en deseñar un programa no marco da planificación realizada en grupo.

TRABALLOS COMPLEMENTARIOS A REALIZAR, POR MÓDULOS TEMÁTICOS:

Módulo I: A PLANIFICACIÓN EN SERVICIOS SOCIAIS.

1.- Lecturas individuais obrigatorias. Resumo e avaliación crítica de un libro a escoller entre os que se propoñan.

2.- Traballo práctico nos grupos interactivos: A partir do material xa traballado na clase expositiva, elaborárase unha programación por sectores. O alumnado deberá consultar o material bibliográfico que se lles recomende, o outro que estimen oportuno.

Módulo II: A XESTIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS.

1.- Lecturas individuais obrigatorias.

Módulo III: OS SERVIZOS SOCIAIS NO SISTEMA ECONÓMICO.

Nos grupos interactivos se manexará a Lei de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano correspondente, anexos á devandita Lei nos que aparecen as clasificacións orzamentarias. Estudo en detalle da Memoria de orzamentos do departamento autonómico competente en materia de servizos sociais. Fichas de elaboración de orzamentos seguindo a técnica de presupostos por programas, modelos de convenios de colaboración, documentos de xestión contable das Administracións Públicas.

Sistema de avaliación

O sistema de avaliación é mixto, contempla exames parciais e finais e avaliación continua.

Os exames teñen un peso do 60% e a avaliación continua un 40%, que se distribúe do seguinte xeito:

- Asistencia ás clases interactivas: 10%
- Lecturas obrigatorias: 5%
- Plan sectorial elaborado en grupo: 10%
- Programa individual vinculado á planificación realizada en grupo: 15%

No se poderán presentar ós exames aqueles alumnos/as que non entreguen, nas datas indicadas, as lecturas individuais, que teñen carácter obrigatorio.

O alumnado que teña unha presencialidade como mínimo de 7 sesións interactivas quedará eximido da realización do exame sobre o contido do módulo I. A proba, versará neste caso, sobre os contidos dos módulos II e III. De non cumprirse este requisito, a proba escrita realizarase sobre o contido dos 3 módulos.

É necesario acadar a cualificación mínima de Apto no exame para poder sumarlle a puntuación obtida na avaliación continua.

No caso de non asistir ás clases nas que se realizan tarefas puntuables, e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, estas tarefas poden compensarse coa elaboración de traballos e exercicios que sexan encomendados pola profesora. Unha vez se teña confirmación da xustificación das faltas de asistencia, o/a alumno/a ten que poñerse en contacto coa profesora para o encargo da tarefa compensatoria

SISTEMA DE CONTROL DE ASISTENCIA:

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro. O prazo e os motivos polos que se poden xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de Asistencia a Clases nas Ensinanzas Adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir a clases e teña concedida a dispensa de asistencia poderá compensar as faltas coa realización de exercicios de análise de textos, que deberá entregar por escrito e defenderá nunha titoría previamente acordada coa profesora.

Tempo de estudo e traballo persoal

Estudio autónomo individual ou en grupo: 50 horas

Exercicios: 15 horas

Lectura de textos: 10 horas

Elaboración de traballos, visualización de material: 20 horas

Outras tarefas propostas: 4 horas

TOTAL: 99 horas

Recomendacións para o estudo da materia

Por tratarse dunha materia eminentemente práctica é moi importante a asistencia á docencia expositiva e a integración dentro dun grupo interactivo. As titorías son un mecanismo interesante de resolución individual ou grupal de dúbidas.

Recoméndase ter cursado as materias de Servizos Sociais Comunitarios; Servizos Sociais Especializados; e Deseño e Avaliación de Proxectos de Intervención Social.

G3171423 - Xestión de Organizacións (Ferramentas Legais e Organizativas para o Traballo Social) - Curso 2012/2013

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**
- **Horas ECTS**
- Clase Expositiva: 27.00
- Clase Interactiva Seminario: 18.00
- Horas de Titorías: 3.00
- **Total: 48.0**

Profesora: Patricia Iglesias Souto

Obxectivos da materia

- Coñecer os elementos do funcionamento das organizacións de servizos e a achega de diferentes enfoques á xestión, o liderado e a calidade nos servizos públicos e privados.
- Adquirir destrezas de xestión do traballo en equipo, de programación do traballo e colaboración interprofesional e interinstitucional.
- Ser capaz de participar na administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade.
- Adquirir capacidades de participación na xestión e dirección de institucións públicas e privadas de benestar social.
- Coñecer a responsabilidade social corporativa e as súas formas de aplicación e control da xestión de cambios nas organizacións.

Contidos

- As organizacións: concepto, tipos, estrutura e clima.
- Xestión e administración das organizacións: dirección e coordinación.
- Xestión da calidade na organización.
- Xestión de procesos individuais: motivación, satisfacción e estrés.
- Xestión da procesos interpersoais: comunicación, equipo, conflito e liderazgo.

Bibliografía básica e complementaria

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- Aguirre, A.A., Casillo, A.M. e Tous, D. (1999). Administración de organizaciones. Fundamentos y aplicaciones. Madrid: Pirámide.
- Coulshed, V. (1998). La gestión del trabajo social. Barcelona: Paidós.
- Costa, M. e López, E. (2002). Los secretos de la dirección. Manual práctico para dirigir organizaciones y equipos. Madrid: Pirámide.
- Ferrando, M. e Granero, J. (2005). Calidad total: modelo EFQM de excelencia. Madrid: Fundación Confemetal Editorial.
- Gibson, J.L., Ivancevich, J.M., Donnelly, J.H. e Konopaske, R. (2003). Organizaciones. Comportamiento, estructura, procesos. México DF: McGraw Hill.
- Hodge, B.J., Anthony, W.P. e Gales, L.M. (2003). Teoría de la organización. Un enfoque estratégico. Madrid: Pearson Educación.
- Vernis, A., Iglesias, M., Sanz, B. e Saz, A. (2004). Los retos en la gestión de las organizaciones no lucrativas. Claves para el fortalecimiento institucional del tercer sector. Barcelona: Granica.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

- Bonache, J. e Cabrera, A. (2006). (Coords.). Dirección de personas. Evidencias y perspectivas para el siglo XXI. Madrid: Prentice Hall.
- Chiang, M., Martín, M.J. e Núñez, A. (2010). Relaciones entre el clima organizacional y la satisfacción laboral. Madrid: Universidad Pontificia de Comillas.
- Duro, A. (2006). Introducción al liderazgo organizacional. Teoría y metodología. Madrid: Universidad Rey Juan Carlos.
- Giraudier, M. (2004). Cómo mejorar el clima laboral. Barcelona: Obelisco.
- Gómez-Mejía, L., Balkin, D. e Cardy, R. (2008). Gestión de RRHH. Madrid: Prentice-Hall.
- Hartzler, M. e Henry, J.E. (1999). Teoría y aplicaciones del trabajo en equipo. Cómo preparar equipos de trabajo eficaces. México DF: Oxford University Press.
- Hernández, J. (2010). Guía de gestión del estrés laboral. Protocolos de detección, actuación y reconducción.

Pamplona: Aranzadi.

Morales, A.C. (2004). Análisis y diseño de sistemas organizativos. Madrid: Civitas.

Moreno-Luzón, M.D., Peris, F.J. e González, T. (2001). Gestión de la calidad y diseño de las organizaciones y estudio de casos. Madrid: Pearson.

Muchinsky, D.M. (2004). Psicología aplicada al trabajo. Madrid: Thomson.

Newell, S. (2002). Creando organizaciones. Bienestar, diversidad y ética en el trabajo. Madrid: Thomson.

Paz, R. e Ideaspropias Editorial (2005). Organización del trabajo. La gestión eficaz de los RRHH en la empresa. Vigo: Ideaspropias Editorial.

Porret, M. (2008). Recursos humanos. Dirigir y gestionar personas en las organizaciones. Madrid: ESIC.

Spector, P. (2002). Psicología industrial y organizacional. Investigación y práctica. México DF: Manual Moderno.

Competencias

No Plan de Estudos do Título de Grao en Traballo Social, indícase que as competencias ás que contribúe esta materia son as seguintes:

Competencias xenéricas:

- Saber aplicar os coñecementos definitorios do Traballo Social na actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que atinxen ao Traballo Social, facendo uso dos coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.
- Desenvolver as habilidades de aprendizaxe necesarias para continuar a formación e aprendizaxe no ámbito do Traballo Social cun alto grao de autonomía.

Competencias específicas:

- Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural.
- Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e cos colegas profesionais negociando o suministro de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas ao obxecto de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes.
- Identificar, minimizar e xestionar o risco cara un mesmo e os colegas a través da planificación, revisión e seguimento de accións para limitar o estrés e o risco.
- Desenvolver aptitudes para traballar de maneira eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e multiorganizacionais co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de maneira construtiva os posibles desacordos existentes.
- Adquirir habilidades para participar na xestión e dirección de entidades de benestar social.

Competencias transversais:

- Capacidade de análise e síntese.
- Capacidade de organización e planificación.
- Capacidade de comunicación oral e escrita.
- Capacidade de toma de decisións.
- Capacidade de traballo en equipo.
- Capacidade para as relacións interpersoais.
- Capacidade de razoamento crítico.
- Capacidade de creatividade.
- Capacidade de aprendizaxe autónoma.
- Capacidade de liderazgo.
- Capacidade de iniciativa e espírito emprendedor.
- Capacidade de motivación pola calidade.

Metodoloxía da ensinanza

A proposta metodolóxica pretende conxugar o formato maxistral das clases expositivas coas metodoloxías activas e participativas das clases interactivas e co traballo autónomo e a autoaprendizaxe por parte do alumno.

As actividades presenciais expositivas co grupo clase completo terán como obxectivo introducir e explicar o sentido dos distintos temas da materia, clarificar os conceptos básicos, orientar a realización de traballo e estudo por parte do alumnado, relacionar os distintos contidos e facilitar a aprendizaxe significativa.

As clases interactivas irán encamiñadas a profundizar en aspectos concretos das clases teóricas e consistirán na realización de diferentes actividades a través das cales se pretende que o alumnado aprenda, entre outras cousas, a manexar diferentes fontes de información, a transferir coñecementos teóricos á práctica e a elaborar e presentar informes. A concreción das tarefas que se requiran así como o material necesario serán presentados aos alumnos nas correspondentes sesións interactivas.

Sistema de avaliación

A avaliación da materia inclúe:

a) Unha avaliación continuada a través da asistencia, a participación e a realización de traballos nas sesións interactivas, cun peso do 40% na cualificación final (10% asistencia e participación; 30% traballos).

b) A realización dun exame sobre os contidos teóricos e prácticos impartidos, ao que corresponderá o 60% do peso da cualificación final.

Observacións

1. Os alumnos deberán ter acreditada a asistencia a un mínimo do 70% das clases interactivas para poder realizar o exame teórico. No caso de ter máis dun 30% de faltas estas deberán estar xustificadas conforme á normativa vixente. A ausencia inxustificada tamén conleva a imposibilidade de presentar os traballos correspondentes ás sesións perdidas ou outros que sexan solicitados pola profesora como compensatorios. Todo o antedito rexe tanto para a convocatoria ordinaria como para a extraordinaria de recuperación.

2. Será necesario ter superado tanto o exame como os traballos de avaliación continua para poder aprobar a materia.

Sistema de recuperación

1. A ausencia inxustificada a máis do 30% das clases interactivas durante o cuadrimestre conleve a imposibilidade de recuperar a asignatura.

2. A recuperación do exame realizarase na data oficialmente establecida

3. A recuperación da avaliación continuada realizarase mediante: 1) A superación dunha proba escrita que versará sobre os traballos realizados ao longo do cuadrimestre nas sesións interactivas e que se realizará na data do exame de recuperación, e 2) A presentación dos traballos de recuperación que se estipulen e que deberán ser entregados, como data límite, o día do exame de recuperación. A recuperación da avaliación continuada realizarase sobre un máximo de 3 puntos (xa que a asistencia a clase é irrecuperable e conservarase a nota obtida).

4. Neste curso aquelas persoas que teñan superada unha parte da materia (avaliación continuada ou exame) e a outra suspensa só terán que realizar á recuperación desta última, gardándose a cualificación da parte superada.

Alumnos con exención de docencia

Os alumnos que teñan concedida a exención de docencia seguirán un sistema de avaliación alternativo ao anterior. Dito sistema constará dunha proba escrita sobre os contidos teóricos (80%) e a realización de traballos sobre os temas abordados nas clases interactivas (20%).

Tempo de estudo e traballo persoal

Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas

Exercicios: 15 horas

Lectura de textos: 10 horas

Elaboración de traballos, visualización de materiais: 20 horas

Outras tarefas propostas: 4

Recomendacións para o estudo da materia

Dado o carácter obrigatorio da materia e a súa ubicación no plano de estudos recoméndase ter cursadas as materias de Fundamentos de Economía, Fundamentos de Dereito, Servizos Sociais Comunitarios e Servizos Sociais Especializados.

É importante que o alumnado se implique activamente dende o comezo na dinámica e funcionamento da materia para poder superala con éxito. Asemade, recoméndase unha abordaxe comprensiva e significativa da mesma para o que resulta aconsellable a asistencia regular ás clases expositivas.

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 22.00
- **Total: 22.0**
- **Horas ECTS**
- Clase Interactiva Seminario: 4.80
- Horas de Titorías: 147,.0
- **Total: 151.8**

Profesorado:

Nome
Añón Loureiro, Lorena.
Besada Agra, Lourdes. (Coordinadora)
Castro Neo, María Jesús.
Facal Fondo, Teresa.
García Álvarez, Purificación.
Ínsua Olveira, Helena.
Puñal Romarís, María Elena.
RODRIGUEZ GONZALEZ, FELICITAS

- Obxectivos da materia

Todas as competencias específicas asignadas no Título de grao á titulación de Traballo Social poden ser entrenadas co desenvolvemento das prácticas profesionais, aínda que as mencionadas a continuación teñen unha especial vinculación:

- Ser capaz de establecer relacións profesionais ao obxecto de identificar a maneira máis axeitada de intervención.
- Ser capaz de valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.
- Ser capaz de promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal.
- Ser capaz de contribuir á administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade.
- Ser capaz de xestionar, presentar e compartir historias e informes sociais manteñendoos completos, fieles, accesibles e actualizados como garante na toma de decisións e valoracións profesionais.
- Acadar experiencia directa en Traballo Social nos lugares onde se desenvolve (Servizos Sociais e do Benestar, organizacións sociais, etc.).
- Ser capaz de interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para acadar cambios, promocionar o desenvolvemento dos mesmos e mellorar as súas condicións de vida a través da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social baixo tutela profesional e supervisión.
- Ser capaz de desenvolver as destrezas necesarias para a creación dunha relación de Traballo Social positiva con diferentes persoas.
- Ser capaz de avaliar situacións personais e recoller, ordear, tratar e analizar a información, tendo en conta os puntos de vista dos participantes, os conceptos teóricos, os datos da investigación, as normas legais e os procedementos institucionais.
- Ser capaz de tomar en consideración factores como riscos, dereitos, diferenzas culturais e sensibilidades lingüísticas, responsabilidades de protexer aos individuos vulnerables e outras obrigacións legais.
- Ser capaz de resolver conflitos de relación no marco da actuación profesional.
- Ser capaz de deseñar, implementar e avaliar proxectos de intervención social e planificar de xeito negociado unha secuencia de accións e seguir e avaliar o seu desenvolvemento.
- Ser capaz de tomar decisións fundamentadas tendo en conta as consecuencias para todas as partes implicadas.
- Ser capaz de responsabilizarse das tarefas encomendadas nun marco de responsabilidades múltiples (por exemplo, ante institucións, os usuarios dos servizos e outros).
- Ser capaz de reflexionar sobre o seu comportamento, e de modificalo en base á experiencia e de identificar e someter a revisión os seus propios límites personais e profesionais.
- Ser capaz de programar o propio traballo asignando prioridades, cumprindo coas obrigacións profesionais e avaliando a eficacia do propio programa de traballo.
- Ser capaz de autoavaliarse no desenvolvemento da práctica e identificar os seus propios límites e carencias profesionais, e asumir a responsabilidade da adquisición continuada de coñecementos e destrezas.

- Ser capaz de utilizar axeitadamente a supervisión e sistematizar a práctica.
- Ser capaz de contribuir á promoción de boas prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que se implementan.
- Ser capaz de presentar conclusións verbalmente e por escrito, de forma estruturada e axeitada á audiencia para a que foron preparadas.
- Ser capaz de preparar de forma efectiva e dirixir reunións de maneira produtiva.
- Ser capaz de xestionar a incertidumbre, o cambio e o estrés en situacións de traballo.
- Ser capaz de manexar de forma construtiva os conflitos interpersonais e intrapersonais.
- Ser capaz de xestionar dilemas e problemas éticos identificando os mesmos, deseñando estratexias de superación e reflexionando sobre os seus resultados.
- Ser capaz de emplear a linguaxe e terminoloxía profesional.

Contidos

- Análise da institución, servizo ou programa, dos seus recursos e procedementos. Estudo da zona de influencia e da rede de servizos do seu ámbito de aplicación. Análise dos recursos sociais, das fontes documentais e da normativa relativa ao campo de prácticas.
- Deseño de programas e proxectos de intervención social.
- Análise e valoración da realidade obxecto de intervención.
- Análise da metodoloxía, técnicas e instrumentos do Traballo Social con individuos, familias, grupos e comunidades.
- A información, a orientación, o asesoramento e o tratamento continuado con individuos, familiares, grupos e comunidades.
- A xestión dos recursos e o seguimento das intervencións.
- O deseño e a utilización de soportes documentais de rexistro de información: Ficha Social, Historia Social, Folla de Seguimento, Rexistro de Entrevista, Rexistro de Visitas ao Fogar, Rexistro de Traballo con Grupos, Proxecto de Intervención de Casos, Follas de Derivación, Folla de Rexistro de Actividades Diarias, Diario de Campo, Axenda de Traballo, Ficha de Recursos, Memoria de Actividades.
- O Informe Social como documento específico e propio do/a Traballador/a Social.
- Ferramentas para dar cumprimento á normativa de tratamento de datos de carácter persoal.
- O uso da entrevista en Traballo Social.
- O emprego das capacidades persoais e profesionais como recurso.
- A comprensión da situación do outro e o establecemento de relacións positivas.
- O traballo en equipo: a coordinación interna e externa, as reunións de traballo e a toma de decisións.
- O uso da linguaxe e terminoloxía profesional, e a elaboración de informes técnicos.
- O traballo en rede.
- A supervisión, a reflexión e a sistematización da práctica: a autoavaliación.
- A responsabilidade profesional: a práctica deontolóxica profesional.

Bibliografía básica e complementaria

Bascuas, X.C.; Besada, L.; Castro, M. J.; Facal, T.; García, P.; Puñal, M. E. (2012). Manual para o practicum e o traballo de fin de grao en Traballo Social. Santiago de Compostela: Andavira editora, S.L. -Escuela Universitaria de Traballo Social de Santiago de Compostela

Competencias

Competencias xerais

Posuír e comprender os coñecementos que definen ao Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación, a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangardia do coñecemento neste campo.

Saber aplicar eses coñecementos na súa actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que incumben ao Traballo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.

Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósticos sociais, no ámbito da intervención social, que inclúan unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ética.

Ser capaces de transmitir información, ideas, problemas e solucións sobre cuestións relativas ao Traballo Social a un público tanto especializado como non especializado.

Desenvolver as habilidades de aprendizaxe necesarias para continuar a súa formación e aprendizaxe no ámbito do Traballo Social cun alto grado de autonomía.

Competencias específicas

Establecer relacións profesionais ao obxecto de identificar a forma máis adecuada de intervención.

Coñecer estratexias para intervir con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos.

Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.

Saber responder a situacións de crises valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados.

Adquirir habilidades para interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promocionar o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio

da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen ao obxecto de preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e os colegas profesionais negociando o fornecemento de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas ao obxecto de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes.

Desenvolver aptitudes para saber apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades e traballar a favor dos resultados planificados examinando coas persoas as redes de apoio ás que poidan acceder e desenvolver.

Adquirir facultades para promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersonal.

Saber identificar e traballar cos comportamentos que representan un risco para o sistema cliente identificando e avaliando as situacións e circunstancias que configuran devandito comportamento e elaborando estratexias de modificación dos mesmos.

Analizar e sistematizar a información que proporciona o traballo cotián para revisar e mellorar as estratexias profesionais que deben dar resposta ás situacións sociais emerxentes.

Coñecer e utilizar a mediación como estratexia de intervención destinada á resolución alternativa e complementaria de conflitos en diversos ámbitos, tales como o familiar, escolar, comunitario e intercultural. Diseñar, implementar e avaliar proxectos de intervención social.

Desenvolver habilidades para defender ás persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome si a situación requireo.

Saber preparar e participar nas reunións de toma de decisións ao obxecto de defender mellor os intereses das persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades.

Diferenciar e actuar na resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza do mesmo.

Saber administrar e ser responsable do seu propio traballo asignando prioridades, cumprindo coas obrigacións profesionais e avaliando a eficacia do propio programa de traballo.

Gestionar, presentar e compartir historias e informes sociais manténdooos completos, fieis, accesibles e actualizados como garantía en tómaa de decisións e valoracións profesionais.

Desenvolver aptitudes para traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e multiorganizacionais co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de xeito constructiva os posibles desacuerdos existentes.

Investigar, analizar, avaliar e utilizar o coñecemento actual das boas prácticas do Traballo Social para revisar e actualizar os propios coñecementos sobre os marcos de traballo.

Saber traballar dentro de estándares acordados para o exercicio do Traballo Social e asegurar o propio desenvolvemento profesional utilizando a asertividade profesional para xustificar as propias decisións, reflexionando críticamente sobre as mesmas e utilizando a supervisión como medio de responder ás necesidades de desenvolvemento profesional.

Gestionar conflitos, dilemas e problemas éticos complexos identificando os mesmos, deseñando estratexias de superación e reflexionando sobre os seus resultados.

Coñecer e aplicar as boas prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que as implementan.

Competencias Transversales

Capacidade de análise e síntese

Capacidade de organización e planificación

Capacidade de comunicación oral e escrita

Capacidade de xestión da información

Capacidade de resolución de problemas

Capacidade de toma de decisións

Capacidade de traballo en equipo

Capacidade para as relacións interpersonais

Capacidade de recoñecemento á diversidade e a multiculturalidade

Capacidade de razonamiento crítico

Capacidade de compromiso ético

Capacidade de aprendizaxe autónoma

Capacidade de adaptación a novas situacións

Capacidade de motivación pola calidade

Metodoloxía da ensinanza

O/a alumno/a incorporaráse a un centro de prácticas no que guiado por un/a traballador/a social desenvolverá as habilidades, capacidades e destrezas necesarias para o exercicio profesional.

A o longo do cuadrimestre realizaránse titorías grupais e individuais.

Sistema de avaliación

A avaliación será continua ao longo do desenvolvemento do Practicum e terase en conta os seguintes aspectos:

-Asistencia e participación activa nas sesións de titorías individuais e grupais.

-Cumprimento dos compromisos e tarefas contempladas no programa do Practicum.

-Realización da Memoria do Practicum.

-Avaliación dos/as titores/as externos e autoavaliación dos alumnos/a en base ao coñecemento do campo de prácticas e do servizo, intervencións levadas a cabo, adquisición de capacidades e habilidades profesionais; e

actitudes e integración no centro e/ou servizo de prácticas.

Tempo de estudo e traballo persoal

Traballo persoal do alumno/a:

- Tarefas de documentación: 10 horas
- Exercicios de sistematización da práctica: 16 horas
- Prácticas en institución: 518 horas

Recomendacións para o estudo da materia

Ter cursadas as materias de:

- Servizos Sociais Especializados
- Traballo Social con Individuos e Familias
- Soportes Documentais e Xestión da Información en Traballo Social
- Deseño e Avaliación de Proxectos de Intervención Social
- Medidas de Protección Social
- Xestión e Planificación de Servizos Sociais
- Xestión de Organizacións.

Por outra banda, o centro fixará aquelas asignaturas optativas que recoméndase ter cursado para a priorización da realización do Practicum en determinados organismos ou centros específicos.

Observacións

Incompatibilidades:

Para matricularse do Practicum é requisito indispensable ter superados 150 créditos básicos e obrigatorios, entre eles todos os da primeira metade da titulación.